

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

ENFOCA.RME 2019

ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA (EME) UNIVERSIDADE DE VIGO

BASES DO CONCURSO

1. A temática do concurso de fotografía **ENFOCA.RME 2019** son os recursos mineiros e enerxéticos: **xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e de rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos etc.**
2. Admítense traballos tanto en **branco e negro** coma **en cor** realizados mediante calquera técnica fotográfica.
3. Admitiranse un máximo de tres **obras orixinais** por autor/a, aínda que soamente unha delas poderá ser premiada.
4. As fotografías presentaranse en dixital (JPEG, PNG ou TIFF) e non será **inferior a 20 cm** ningunha das dimensións da copia.
5. Cada fotografía terá o título da obra como nome do arquivo.
6. Cada fotografía enviarase ao enderezo electrónico **eme@uvigo.gal** acompañada do formulario de inscrición, descargable na sección do concurso na web da EME (<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/>).
7. A data límite de recepción de fotos será o **20 de novembro de 2019, ás 20.00 horas**. Calquera fotografía recibida despois desta data non poderá participar neste concurso.
8. As fotografías gañadoras imprimiranse e expoñeranse **temporalmente** no vestíbulo da **EME** xunto coas do resto de participantes. No caso de existir un número de fotografías tan elevado que non se permitise a súa completa exposición por motivos de

espazo, o xurado do concurso encargárase de seleccionar un número apropiado.

9. As fotografías presentadas ao concurso pasarán a **ser propiedade exclusiva da EME e da Cámara Mineira de Galicia**, e non as poderá utilizar o autor/a noutros concursos ou publicacións. A EME e a Cámara Mineira de Galicia poderán usalas para o que consideren oportuno. Nese caso, as fotografías utilizadas presentarán sempre unha referencia á súa autoría.

10. A EME non se responsabiliza **da incorrecta manipulación** do material enviado por persoas alleas a esta institución ou por extravío do correo.

11. A participación no concurso implicará a plena **aceptación** destas bases.

RESOLUCIÓN DO CONCURSO

12. O **xurado** estará formado por un/unha representante da Cámara Mineira de Galicia, un fotógrafo/a profesional, un/unha docente do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, un/unha docente de Grao en Enxeñaría da Enerxía, un membro do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo e dous representantes do alumnado (un por cada grao impartido na EME).

13. O fallo do xurado publicarase na sección do concurso na páxina web da EME (<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl>) o día **29 de novembro** de 2019.

14. A entrega de premios e o acto de inauguración da exposición temporal das fotografías terá lugar durante a celebración de Santa Bárbara, na **primeira semana de decembro** de 2019, a última hora da mañá, no vestíbulo da EME.

15. O fallo do xurado será **inapelable** e anunciarase adecuadamente; poderase consultar na sección do concurso en <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/>.

16. O concurso fotográfico **ENFOCA.RME 2019** poderá **anularse** se non se presentan un mínimo de fotografías.

17. O xurado **rexeará** as fotografías que non cumpran o especificado nestas bases.

PREMIOS

18. Os premios do concurso serán os seguintes:

- **Categoría sénior** (maiores de 16 anos)
 - Primeiro premio:** un cheque de 300 €
 - Segundo premio:** un cheque de 150 €
 - Accésit:** unha mochila fotográfica valorada en 50 €
- **Categoría júnior** (menores de 16 anos)
 - Primeiro premio:** unha cámara dixital compacta valorada en 150 €
 - Accésit:** un pau de autofoto (*selfie*) valorado en 30 €

Cada participante recibirá un agasallo.

Anímate e plasma a túa creatividade!

MÁIS INFORMACIÓN

Enderezo electrónico: eme@uvigo.gal

Tfno.: [986 814 077](tel:986814077)

TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos -RXPD-), e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos que nos facilite na solicitude trátanse baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar o presente procedemento, e amparados pola normativa vixente e pola convocatoria do proceso.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan a Universidade de Vigo a publicar os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e de

transparencia, cando así se derive da natureza deste procedemento.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e conservaranse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

A persoa solicitante garante que os datos achegados son verdadeiros, exactos, completos e actualizados, e é responsable de calquera dano ou prexuízo, directo ou indirecto, que se puidese ocasionar como consecuencia do incumprimento de tal obriga. No caso de que a persoa solicitante facilite datos de terceiras persoas, manifesta contar co consentimento delas e comprométese a trasladarlles a información contida nesta cláusula, eximindo a Universidade de Vigo de calquera responsabilidade neste sentido.

O/A participante ten dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento.

Este dereito poderá exercelo mediante unha solicitude presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo (campus de Vigo, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo) coa referencia «protección de datos»; o escrito irá asinado e achegarase unha fotocopia do DNI. Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).